

UGT INFORMA - SUBCOMITÉ DE EPIS (SPDCIF)

A convocatoria foi realizada para a negociación do deseño do prego de condicións para os vehículos das brigadas de bombeiros forestais.

Vehículos brigadas de bombeiros forestais:

A posición de UGT é a de analizar cada un dos aspectos que permitan a adquisición de vehículos que se adapten ás nosas necesidades. **A resposta da Subdirección Xeral de Incendios é que teñen que realizar o prego de condicións de xeito urxente**, dado que finaliza en primavera a prolongación do prego prorrogado actual. Desde UGT consideramos que se cometen erros graves en materia de negociación e de consulta aos traballadores. Consideramos esta premura unha mostra de mala fe comercial, posto que non se atende á realidade das necesidades dun vehículo idóneo para o traballo dos bombeiros forestais. O resultado desta presa, case con total seguridade, é que volveremos a ter os problemas dos vehículos actuais: bombas que non funcionan, escaso espazo para os traballadores, cofres que rompen, falta de espazo para as ferramentas de traballo e para a roupa de traballo e persoal...

Desde UGT presentamos unha serie de modelos de vehículos e bombas que serían idóneas para as nosas necesidades e ademais propuxemos unha serie de elementos que son imprescindibles para o desempeño do noso traballo tanto en prevención coma en extinción, e que son os seguintes:

- Foco para a parte de atrás dirixible
- Navegador
- Cabrestante
- Bomba e cofre en posición perpendicular co vehículo integrado nesta.
- Posibilidade de manguera de 25 e 12 m (as bombas teñen que ter saída de 25 m xa que despois dun primeiro ataque o propio tendido xa se utilizaría para continuar a extinción con motobomba, e posibilitar regar mais ala da lonxitude da manguera de 12 mm)
- Mans libres
- Altofalante para comunicacións xunto a bomba
- vehículo 4*4 con bloqueo de diferencial
- Sinalización de emerxencia
- Mellorar espazo ocupantes - 5 traballadores con traxe, epis...Espazo definido para ferramentas de traballo.



Rogos e preguntas:

- Problemas de deterioro de 5 botas de extinción (Iturri), se están analizando pola empresa.
- Identificación dos traxes de extinción, UGT pide que se modifique o distintivo que vai na chaqueta, na parte dianteira coas categoría de BOMBEIROS FORESTALS, se acepta.
- UGT pide que se imprima na parte traseira da chaqueta o distintivo BOMBEIRO FORESTAL, E NON SE ACEPTA. Para UGT é un incumprimento do Acordo e que vai contra as normas de PRL en canto a identificación dos postos e xa solicitamos unha reunión coa Consellería para aclarar este asunto.